



PROPOSTA

Asunto: Rendición da Conta Xeral

Ano: 2023

Órgano: Alcalde-Presidente

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2023, e ao obxecto de dar cumprimento aos prazos previstos no artigo 212.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral formouse nos prazos regulamentarios, polo que, propónse ao Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente:

a) Render a Conta Xeral do ano 2023, integrada por:

A Entidade Local.

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O perímetro de consolidación é o previsto no artigo 166 do TRLRFL, entes con orzamento limitativo.

Composta polos seguintes estados:

Balances.

Conta de resultado económico-patrimonial.

Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Estado de fluxos de efectivo.

Estado de liquidación do Orzamento.

Memoria e demais estados complementarios.

Todos os estados contables que reflicte a Instrución de Contabilidade

Os Estados consolidados do grupo Concello de Vigo, do que forman parte ademais as Fundacións MARCO e a CONVENTION BUREAO, quedan reflectidas nos estados contables do Balance e Conta de resultados consolidados que se enviarán ao Consello de Contas de Galicia.

A Memoria achégase coa desagregación que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e co detalle e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron no transcurso do ano 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2024 14:12	Páxina 1 de 2
279-143	CSV: AHA34H-DFBA5F-3CD24D-NHTM5B-NGZRWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 279/143
CONTA XERAL ANO 2023

b) Someter a Conta ao ditame da Comisión Especial de Contas e aos requisitos e trámites que esixe o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira
Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2024 14:12	Páxina 2 de 2
279-143	CSV: AHA34H-DFBA5F-3CD24D-NHTM5B-NGZRWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		